

## **1.11.- ORDENANZA MUNICIPAL DE PUBLICIDADE ESTÁTICA E DINÁMICA**

Aprobada por acordo do Pleno do 27 de maio de 2004.  
Publicada no BOP de A Coruña do 25 de xaneiro de 2005

### **ARTIGO 1.- OBXECTO DA ORDENANZA**

Esta Ordenanza ten por obxecto establecer o réxime xurídico da publicidade exterior estática e dinámica no dominio público ou perceptible desde o mesmo no termo municipal de Santiago de Compostela, coa finalidade de posibilitar a compatibilidade entre o exercicio do dereito á liberdade de expresión, nomeadamente da comunicación social nos espazos públicos, e a necesidade de manter as adecuadas condicións de limpeza urbana.

Enténdese por publicidade, a estes efectos, toda forma de comunicación realizada por unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, no exercicio dunha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, co fin de promover de forma directa ou indirecta a contratación de bens mobles o inmobles, servicios, dereitos e obrigacións.

Se inclúe no parágrafo anterior a publicidade realizada con motivo de eleccións, así como calquera outra manifestación, oral ou escrita, que teña uns destinatarios públicos, e que non se realice con fins lucrativos ou comerciais. Estas manifestacións, sen fins lucrativos, son as que teñen prioridade á hora da utilización de espazos públicos no marco desta ordenanza.

É publicidade exterior aquela modalidade de actividade publicitaria que utiliza, como vehículo transmisor da mensaxe, medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas se encontran en espazos abertos, transitan por rúas ou prazas, circulan por vías de comunicación, utilizan medios colectivos de transporte e, en xeral, permanecen ou discorren en lugares ou por ámbitos de utilización xeral.

### **ARTIGO 2.- ÁMBITO TERRITORIAL E SUBSTANTIVO DA ORDENANZA**

Esta Ordenanza aplicarase en todo o termo municipal de Santiago de Compostela, sen prexuízo das disposicións de xeral aplicación que, excedendo o ámbito municipal, regulen a publicidade, ás que complementará en dito termo municipal.

### **ARTIGO 3.- COMPETENCIA MUNICIPAL**

A regulación da publicidade contida nesta Ordenanza basease nas competencias que ós Municipios concede, ademais da lexislación específica sobre publicidade, o artigo 25 de a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Réxime Local modificada polas leis 11/99 do 21 de abril e 57/2003 de 16 de decembro.

### **ARTIGO 4.- PUBLICIDADE ESTÁTICA. CONDICIÓN DO EXERCICIO**

O Concello habilitará na vía pública, en lugares frecuentados, soportes adecuados e en número suficiente para posibilitar a colocación neles de carteis ou anuncios. Serán estes lugares habilitados polo Concello os utilizados preferentemente para a comunicación social.

Ademais os promotores de obras habilitarán espazos específicos nos valados de protección das mesmas para a colocación de carteis ou anuncios. Estes espazos estarán perfectamente identificados e, en todo caso, deberá figurar en lugar visible o rótulo “Espacio destinado á comunicación social”.

Poderán colocarse carteis en paredes e valados provisionais de tixolo ou cemento sempre que non existan espazos próximos para este fin, todo iso sen prexuízo do consentimento do propietario do inmovible.

Queda expresamente prohibido a colocación de carteis en paredes ou valados no ámbito interior do perímetro murado do casco histórico.

Non se autorizará a fixación de carteis ou anuncios en edificios e zonas declaradas como histórico-artísticos nin en elementos integrantes do mobiliario urbano que non se habiliten expresamente para esta actividade.

A colocación de faixas publicitarias na vía pública ou en edificios deberá solicitarse no rexistro do Concello cunha antelación de dez días hábiles á data da colocación das mesmas, así mesmo o órgano competente do Concello deberá contestar á referida solicitude nun prazo máximo de dez días hábiles.

A colocación das mesmas poderá efectuarse, previa autorización do órgano competente do Concello, cando concorra un interese público e polo prazo máximo de dúas semanas. A súa retirada efectuarase polas entidades anunciantes nas 48 horas seguintes, sen que en ningún caso poidan deixarse abandonadas na vía pública. Queda prohibido rachar, arrancar ou tirar á vía pública carteis, anuncios e faixas.

#### ARTIGO 5.- PUBLICIDADE DINÁMICA. CONDICIÓN DO EXERCICIO

Con carácter xeral queda prohibida a publicidade megafónica, non obstante poderá autorizarse en horario diúrno e con un volume que non perturbe a normal tranquilidade cidadá, previa autorización municipal, cando persiga obxectivos sen ánimo de lucro e de interese social.

A anterior prohibición non afectará á publicidade megafónica durante períodos de campaña electoral, sempre e cando estea directamente relacionada con esta e cumpra as determinacións establecidas no parágrafo anterior e na normativa sobre ruídos.

O reparto de follas debe facerse en man para evitar ensuciar a vía pública. Fica, polo tanto, prohibido o lanzamento de follas voantes.

A instalación de mesas no dominio público para distribución de material informativo deberá solicitarse no Rexistro do Concello cunha antelación de cinco hábiles á data de colocación das mesmas, así mesmo o órgano competente do Concello deberá contestar a referida solicitude nun prazo máximo de cinco días hábiles. A ubicación non interferirá en ningún caso o tránsito rodado nin impedirá o paso de transeúntes.

#### ARTIGO 6.- PROHIBICIÓN XERAL

Queda prohibido:

\* A colocación de faixas publicitarias no termo municipal, salvo as expresamente autorizadas polo órgano competente do Concello.

\* A publicidade enganosa, é dicir, aquela que de calquera maneira, incluída a súa presentación, induce ou pode inducir a erro ós seus destinatarios (entendidos como as persoas, físicas ou xurídicas, ás que se dirixa a mensaxe publicitaria ou as que este alcance), podendo afectar ó seu comportamento económico, ou prexudicar ou ser capaz de prexudicar a un competidor, e aquela que silencie datos fundamentais dos bens, actividades ou servicios cando a dita omisión induza a erro dos destinatarios.

\* A publicidade subliminar, é dicir, a que mediante técnicas de produción de estímulos ou de intensidades fronteirizas cos umbrais dos sentidos ou análogas, poida actuar sobre o público destinatario sen ser conscientemente percibida.

\* A publicidade de bebidas alcohólicas e de tabacos en aqueles lugares onde estea prohibida a súa venda ou consumo.

\* A publicidade nos lugares nos que poida prexudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade do viandante.

\* A publicidade nos pavimentos das calzadas ou beirarrúas ou bordeillos, aínda que sexa parcialmente e en terreos adquiridos ou cedidos para vías ou espazos libres públicos, sen prexuízo do establecido na concesión demanial que no seu caso determine o Concello.

\* A publicidade suspendida sobre a calzada das vías públicas e a realizada sobre a propia fachada dos edificios, salvo que estea autorizada polo Concello .

\* A publicidade con elementos sustentados ou apoiados en árbores, faroliñas, semáforos e outras instalacións de servizo público, salvo o previsto na presente ordenanza.

\* A publicidade nos edificios nos que se limiten as luces ou vistas dos ocupantes dalgún inmovible ou ocasionen molestias ós veciños, salvo autorización dos mesmos ou acordo da comunidade de propietarios.

\* A publicidade nas zonas afectadas pola normativa de carreteras.

\* A publicidade naquelas zonas ou espazos nos que disposicións especiais o prohiban de modo expreso.

Tampouco se autorizarán:

\* A colocación de rótulos, carteis ou placas que pola súa forma, cor, debuxo ou inscricións poidan inducir a confusión con sinais regulamentarias de tráfico, impidan a súa visibilidade ou produzan deslumbramentos ós condutores de vehículos.

\* Os anuncios reflectantes.

Queda prohibido o exercicio da actividade publicitaria que se utilice á persoa coa única finalidade de ser soporte material do mensaxe ou instrumento de captación de atención.

#### ARTIGO 7.- OUTROS SUPOSTOS

Non se autoriza a realización de pintadas sobre paredes, valados ou elementos do mobiliario urbano.

Poderá autorizarse a realización de murais de carácter artístico ou que posúan un fin de comunicación social sempre que se realicen sobre valados de tixolo, cemento ou bloques de formigón sempre que non sexan acabados vistos. Deste suposto fica expresamente excluído o ámbito do Plan Especial do casco Histórico.

As expresións artísticas ou de comunicación social de carácter non permanente (feitos con materiais facilmente eliminables cos métodos habituais de limpeza urbana) que non se realicen sobre os soportes anteriores tamén poden ser obxecto de autorización.

A instalación de bandeirolas, columnas informativas, indicadores, pancartas, anuncios diversos, etc. está suxeita ás previas autorizacións municipais.

A publicidade a través de medios móbiles prevista ou non nos dous artigos anteriores está

suxeita, ademais de a previa autorización municipal, ás seguintes prescricións:

\* Non se utilizarán as superficies dianteiras de ditos medios

\* Non se permite a colocación de bastidores ou, en xeral, soportes da mensaxe sobre vehículos automóbiles cando sobresaian lateralmente destes en forma que contraveñan os preceptos contidos no vixente Código da Circulación.

\* Non se permite a utilización de sustancias reflectantes, coores ou composicións que poidan inducir a confusión con sinais luminosas ou obstaculizar o tráfico rodado.

#### ARTIGO 8.- RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do réxime sancionador previsto na normativa específica de publicidade, corresponde ó Concello a inspección e sanción, no seu caso, do cumprimento e infracción, respectivamente, do disposto nesta Ordenanza.

A potestade sancionadora compete ó Alcalde ou órgano corporativo que actúe con delegación expresa na materia.

#### ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

##### 9.1.- INFRACCIÓNS

Son infraccións as accións e omisións que vulneren as prescricións da presente ordenanza, que se clasifican en leves e graves e moi graves.

Constitúen infraccións leves aquelas actuacións que vulneren os contidos da ordenanza e con respecto ás que se demostre a escasa entidade dos danos producidos sen que se obtivera beneficio para o infractor.

Serán infraccións graves as actuacións levadas a cabo sen a previa obtención da autorización municipal, cando esta sexa esixible, as infraccións do artigo 4 desta ordenanza e a reiteración de dúas infraccións leves.

Conceptúase como moi graves as infraccións da presente ordenanza cando impiden ou obstrúen de xeito grave e relevante ó normal funcionamento dun servizo público, deterioren de xeito relevante equipamentos, instalacións ou

elementos do dominio público así como a reincidencia nunha infracción grave.

## 9.2.- SANCIONES

O incumprimento dos preceptos da presente ordenanza sancionaranse con multa nas seguintes contías:

Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 €

Infraccións graves: multa de ata 1.000 €

Infraccións leves: multa de ata 300 €

A gradación das sancións efectuarase tendo en conta a intensidade dos danos ocasionados, o beneficio obtido polo infractor e a intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo público ou dun espazo público polas persoas con dereito a súa utilización.

Considerarase circunstancia atenuante o cesamento na actividade de modo voluntario e como circunstancia agravante o incumprimento dos requirimentos efectuados pola Administración para o cese da actividade ou a obriga de repoñer á que se refire o parágrafo seguinte.

Os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración dos danos producidos, que poderá comprender a destrución ou demolición das instalacións ou soportes establecidos e, en xeral, a execución de cantos traballos sexan precisos para tal finalidade na forma e condicións fixadas polo órgano que impuxo a sanción.

O responsable da infracción terá dereito a unha redución do 50% da multa que deba impoñerse, no caso de que repoña por sí mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

Para a imposición das sancións se sustanciará o oportuno expediente sancionador na forma prevista no artigo 11 de esta Ordenanza.

### ARTIGO 10.- RESPONSABLES

Das infraccións desta Ordenanza serán responsables solidarios:

- a) En primeiro lugar a Empresa Publicitaria ou no seu caso a persoa física ou xurídica que dispuxese a colocación do anuncio sen a previa licencia ou concesión, ou con infracción das condicións impostas nas mesmas ou dos preceptos da presente ordenanza.
- b) O propietario do lugar no que se efectuase a instalación, canto este o tivese autorizado. O titular da licencia ou propietario do solo ou edificación, poderán retirar os anuncios que se fixen sen o seu consentimento e sen prexuízo de que poida denunciar os feitos ó Concello ós efectos legais pertinentes.

Ós efectos previstos neste artigo e na Ordenanza en xeral, son responsables das infraccións cometidas, directamente, os que as realicen por actos propios ou polos de aqueles de quen se deba responder de acordo coa lexislación vixente.

Tratándose de persoas xurídicas, comunidades de bens, comunidades de veciños o calquera outro tipo de asociación, teña o non personalidade xurídica, a responsabilidade se atribuirá ás mesmas e no seu caso, á persoa que legalmente as represente.

### ARTIGO 11.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador axustarase ó establecido no R.D. 1398/93 de 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

### ARTIGO 12.- MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

Sen prexuízo da potestade sancionadora, no caso de incumprimento dos deberes establecidos nesta Ordenanza, tras requirimento ó efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polo Concello por conta dos responsables, á marxe das indemnizacións ás que houbera lugar.

Non será necesario requirimento previo, podendo procederse de modo inmediato á execución, cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a seguridade pública, das persoas ou bens, os recursos naturais ou o medio ambiente.

Os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración dos danos producidos, que poderá comprender a destrución ou demolición das instalacións ou soportes establecidos e, en xeral, a execución de cantos traballos sexan precisos para tal finalidade na forma e condicións fixadas polo organo que impuxo a sanción.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo de 6 meses desde a entrada en vigor da presente Ordenanza deberá acomodarse a publicidade actualmente na cidade, con autorización do Concello, ás prescricións previstas na mesma.

Tratándose de publicidade indebidamente fixada, o prazo de adaptación ou, no seu caso, erradicación si non se logra a súa legalización, será de dous meses.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual o inferior rango, incluídos Bandos da Alcaldía, regulen as materias contidas nesta Ordenanza, en canto as contradigan ou sexan incompatibles coa mesma.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Se faculta expresamente ó Alcalde ou órgano que actúe por delegación expresa do mesmo nesta materia para interpretar, aclarar, desenvolver e executar as prescricións desta Ordenanza, así como para suplir, transitoriamente por razóns de urxencia e ata que exista pronunciamento na primeira sesión que celebre a continuación o Pleno do Concello, os baleiros normativos que puideren existir na mesma.

#### DISPOSICIÓN FINAL

No non disposto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na normativa comunitaria, estatal e autonómica sobre a materia, sinaladamente a Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, e a normativa que a desenvolva e complemente, xa sexa sectorial, xa de Réxime Local

A presente ordenanza entrará en vigor ós quince días da súa publicación íntegra no BOP